

AÍNDA NADA?

Texto e ilustracións de CHRISTIAN VOLTZ

Tradución de KALANDRAKA EDITORA

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

Aínda nada? (galego)

ISBN 978-84-8464-659-4. Demademora.

¿Todavía nada? (castelán)

ISBN 978-84-96388-81-9. Obras de autor. Primeros lectores.

Encara no? (catalán)

ISBN 978-84-16804-73-3. Obres d'autor. Primers lectors.

Beti bezala, ezer ez? (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-119-2. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Ainda nada? (portugués)

ISBN 978-972-8781-23-1. Obras de autor. Primeiros leitores.

Ancora niente? (italiano)

ISBN 978-84-8464-430-9. Gli albi d'autore. Primi lettori.

De mañá, ben cedo, o señor Luís cavou

un burato enorme na terra.



Neste burato enorme, o señor Luís deixou caer

un grancíño cheo de promesas...

O protagonista desta divertida historia cava un burato na terra, deposita unha semente e volve un día tras outro -ante a expectante ollada dun paxaro- co desexo de ver medrar a flor que nacería do gran. *Aínda nada?*, preguntábase cada mañá o señor Luís, ao ver que nada agromaba. Ata que un bo día...

“Aínda nada?” é un texto sinxelo cunha gran mensaxe que invita á reflexión: o valor da paciencia e da perseverancia para situarnos no mundo. A través do proceso de xerminación dunha semente e do crecemento da planta, Christian Voltz constrúe -con humor e cunha pincelada de tenrura- unha metáfora da vida cotiá, coas súas satisfaccións e frustracións.

As súas orixinais ilustracións están feitas con materiais reciclados como papel e arame, xogan coa combinación de elementos planos e en relevo, e aderézanse con xogos tipográficos. Sinxelas, mais non simples, resultan moi atraentes, suxestivas e expresivas.



- **Temática:** a natureza e a paciencia.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións en relevo, colaxe, reciclaxe; o campo, o ciclo das plantas; desenvolver a perseverancia, a constancia; do autor de “[Eu non fun!](#)” (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ain-da-nada-g>

Christian Voltz

(Estrasburgo, 1967)

Estudou na Escola de Artes Decorativas de Estrasburgo. Traballa como ilustrador, debuxante de carteis e colabora en varias revistas xuvenís. É autor dunha vintena de libros para público infantil, facilmente recoñecibles polo seu característico estilo. Outra das súas facetas é a de director de curtametraxes de animación nunha produtora audiovisual, con implantación no mercado alemán.

<https://www.christianvoltz.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.it

